

estratexias de animación á lectura Estratexias de animaci

á lectura estratexias de animación á lectura estratexi

de animación á lectura **estratexias de animación**

á lectura estratexias de animación á lectura

Estratexias de animación á lectura estratexias de animación



ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



CORDELÚA

Obxectivos

- Fomentar o estudo doutras épocas históricas.
- Redescubrir o pracer pola lectura.
- Reflexionar sobre as diferenzas e semellanzas dos personaxes, tendo en conta os saltos xeracionais.

Orientacións

É unha novela que nos dá pé ao estudo da Idade Media e en concreto dun dos personaxes máis emblemáticos desta época: O Cid.

A idea de unir dúas xeracións distantes no tempo por medio dunha maldición fai que esta novela sexa a axeitada para tratar valores universais (amor, vinganza etc.) que nunca pasan de moda.



ACTIVIDADE 1

(Antes da lectura): QUE OU QUEN É CORDELÚA?

Obxectivos

- Crear interese no alumno polo tema da novela.
- Crear hipóteses de lectura a partir da cuberta do libro.
- Incentivar a creatividade e a capacidade de relación.

Descrición

O profesor presentará o libro na aula, mostrando a portada do mesmo. A partir de aí estableceranse grupos de 3 ou 4 alumnos. A actividade consiste en crear hipóteses sobre o que puidese ser Cordelúa. Deseguido cada grupo, coa hipótese creada, realizará unha pequena historia imaxinaria sobre Cordelúa.

Este traballo gardarase e lerase ao rematar a lectura do libro.



ACTIVIDADE 2

(Antes da lectura): ACHEGAMENTO Á IDADE MEDIA

Obxectivos

- Fomentar a procura de información.
- Coñecer as características típicas da Idade Media.
- Fomentar o interese do alumno por este período histórico.

Descrición

Os alumnos investigarán sobre a Idade Media na Península Ibérica. Poden recordar información en bibliotecas ou en libros que conteñan información sobre este período histórico. Dividirase a clase en grupos de tamaño reducido. A partir da información recollida, os grupos realizarán un cartel onde se reflicta, a modo de mosaico, o tipo de comida, os costumes, a vestimenta típica etc.

Orientacións

Preténdese que o alumno/a coñeza de antemán o contexto no que se desenvolverá a novela e, así, introducirse con maior facilidade na tipoloxía dos personaxes.



ACTIVIDADE 3

(Durante a lectura): VALORES UNIVERSAIS

Obxectivos

- Traballar en grupo, tendo en conta a opinión de cada membro.
- Desenvolver traballo de investigación.
- Descubrir valores e contravalores universais.

Descrición

Segundo imos avanzando na lectura do libro, descubrimos valores que non pasan de moda aínda que pasen séculos.

Os máis destacados son:

- A honra
- O amor
- A vinganza etc.

A actividade consistirá en facer unha lista, o máis completa posible cos valores ou contravalores que aparecen na lectura. Cando estea completada a lista, en grupos de 3 ou 4 alumnos procederase a elixir 1 ou 2 valores e buscar un poema, canción, relato etc., que teña como tema principal o valor escollido.

Orientacións

As parellas de traballo formadas para a actividade anterior poden manterse para a realización das ilustracións, pero sería interesante que cada parella traballase unha ilustración referente a un capítulo que elaborase outra parella e non eles. Así, o produto final sería moito máis misceláneo.



ACTIVIDADE 4

(Despois da lectura): A SELECCIÓN

Obxectivos

- Traballar en equipo.
- Coñecer e diferenciar os distintos personaxes que aparecen no libro.
- Desenvolver a creatividade.
- Empatizar cos protagonistas.
- Dramatizar.

Descrición

Coñecendo na súa totalidade os personaxes que aparecen no libro, o profesor/a elixirá un equipo de 4 ou 5 persoas que formará o equipo de dirección e selección.

O grupo en cuestión terá que elixir os personaxes que aparecen no libro, tanto da época medieval como da actual, tendo en conta as características físicas e de carácter dos seus compañeiros.

Despois de seleccionar os personaxes, un a un (caracterizados) explicarán quen son e por que actúan desa maneira na novela.

Os demais alumnos poderán formularlles preguntas.

Orientacións

É conveniente que esta actividade se realice en varias sesións. Unha para elixir o equipo que vai realizar a selección; outra para entrevistar ou elixir cada persoaxe e outra, para a posta en escena.

Se a clase é colaboradora pódense ofrecer voluntarios para interpretar personaxes determinados. O equipo directivo pode seleccionar o que máis se axusta ao perfil buscado.

O día da posta en escena, os personaxes deben ir caracterizados como os personaxes do libro e ofrecer unha imaxe realista do que está a interpretar.



ACTIVIDADE 5

(Despois da lectura): A ENTREVISTA

Obxectivos

- Traballar en equipo.
- Realizar traballo xornalístico.

Descrición

Despois de ler o libro e establecer grupos de traballo, realizaranse unhas preguntas (unhas 10 por grupo) dirixidas á autora a modo de entrevista.

Ao facer as preguntas, cada grupo formularaaas en voz alta e toda a clase propondrá posibles respostas.

Orientacións

Sería interesante que as preguntas dirixidas á autora se centrasen nas posibles “lagoas” que xerou o libro nos lectores.

Unha variante desta actividade sería que no canto de contestar entre todos as preguntas formuladas, as contestase un alumno/a que se ofrecese para representar a autora da novela.